

Instrución 1/2020, de 4 de marzo de 2020, da Vicerreitoría de Profesorado sobre criterios xerais para a xestión de listas de agarda de PDI

O Regulamento de selección de profesorado non permanente de 7 de febreiro de 2020 establece no seu artigo 24.1 o procedemento que se debe seguir para a contratación a través das listas de agarda. A este respecto, no seu artigo 24.1 dispón o seguinte:

Unha vez acordada a contratación, ofertarase o contrato ás persoas que figuren na lista de agarda, para o que se realizarán chamamentos sucesivos seguindo a orde lista. Non se terán en conta para estes efectos aquelas persoas que xa estean ocupando na Universidade unha praza de profesorado interino de substitución cunha dedicación igual ou superior á ofertada, agás que o novo contrato supoña unha mellora con respecto ao ocupado.

Co fin de definir os criterios que permitan determinar cando un contrato de profesorado interino de substitución supón unha mellora con respecto do contrato ocupado, e logo do informe favorable da Mesa de Negociación Sindical de PDI do 26 de febreiro de 2020, e o acordo da COAP de 28 de febreiro de 2020, dítase a presente **Instrución**:

1. Cando sexa preciso contratar un/ha profesor/a interino/a de substitución, a praza ofertarase a aquelas persoas que figuren na lista de agarda da área correspondente e que nese momento estean ocupando xa unha praza desta mesma categoría no caso de que se dea algunha das seguintes circunstancias:

- a) Cando a dedicación do novo contrato sexa superior á da praza ocupada.
- b) Cando, con independencia da dedicación do novo contrato, este corresponda a unha área de coñecemento diferente á da praza ocupada.
- c) Cando, con independencia da dedicación do novo contrato, este corresponda a un campus distinto do da praza ocupada.
- d) Cando o novo contrato, aínda tendo a mesma dedicación que a praza ocupada, poida ter unha duración presumiblemente superior por se tratar dun contrato de substitución por redución de docencia dun cargo académico, por excedencia por servizos especiais, por excedencias concedidas ao abeiro da Lei da Ciencia ou por calquera outra situación que signifique o dereito á reserva de posto.
- e) Cando o novo contrato corresponda a unha substitución por redución de docencia dun cargo académico, por excedencia por servizos especiais, por excedencias concedidas ao abeiro da Lei da Ciencia ou por calquera outra situación que signifique o dereito á reserva de posto, e a praza ocupada corresponda a unha substitución por IT, maternidade ou situación equivalente.

f) Cando o novo contrato corresponda a unha substitución por excedencia por servizos especiais ou por unha excedencia concedida ao abeiro da Lei da Ciencia, e a praza ocupada corresponda a unha substitución por excedencia por coidado de familiares.

2. Nun mesmo curso académico soamente se poderá ofertar un máximo de tres contratos de profesor/a interino/a de substitución a unha persoa que xa estea contratada nunha praza de profesorado interino de substitución.

3. Non se realizarán contratos de profesorado interino de substitución cando a súa duración previsible sexa inferior a un mes.

4. A renuncia aos contratos ofertados non terá efecto sobre a posición que ocupa a persoa na lista de agarda da área de que se trate.

O Vicerreitor de Profesorado,

Ernesto González Seoane

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Taboleiro da USC

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ERNESTO XOSE GONZALEZ SEOANE, VICERREITOR DE PROFESORADO,
UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 05/03/2020 10:06:43.

CSV: 5203-EF60-4D01-A4D3